



CONCURSO DE NADAL ESO: "REFUGALLO DE NADAL". ORGANIZAN: ANPA E COLEXIO

Trátase de elaborar adornos de nadal empregando unicamente materiais de refugallo (reciclables)

Obxectivos do concurso

- Concienciar da importancia do consumo responsable e da reutilización de materiais.
- Fomentar o espírito de Nadal.
- Potenciar a creatividade.

Participantes

Poderán participar, voluntariamente e de xeito individual, todos os alumnos de ESO do colexio A Inmaculada, Lugo.

PREMIOS

Os tres mellores traballos serán premiados con vales de compra para unha tenda da cidade.

PRAZOS

Entrega dos traballos: **ata o 17 de decembro**

Xuntanza do xurado: **17 de decembro**

Publicación e entrega de premios: **20 decembro**

Proceso e exposición de todos os traballos

1. Os participantes deben elaborar no seu tempo persoal un adorno de Nadal con materiais de refugallo.
2. Os participantes entregarán os seus traballos na Dirección ou Xefatura de Estudos, sendo a data tope o 14 de decembro.
3. Os alumnos deberán poñer un código ao seu obxecto que permita o anonimato. Este código corresponderase co seu curso, o grupo de clase e número persoal. Por exemplo: un/a alumno/a de 1º A de ESO que ten o número 15, o seu código sería 1A15.
4. Todos os traballos estarán expostos na entrada do Colexio (entrada por Portería)

Xurado e Criterios de Valoración

Os adornos serán valorados por un **Xurado** formado por integrantes da xunta directiva da ANPA, o Director do centro e persoal docente do colexio (Departamento Artístico).

Os aspectos que máis se terán en conta para avaliar os adornos son:

- A orixinalidade da idea creativa.
- A realización íntegra polo alumno, tendo en conta a manipulación de materiais e debuxo que teñan en cada nivel.
- Que sexan materiais de refugallo todos os empregados na elaboración do adorno.
- O traballo compositivo e a adecuación dos materiais.
- A mensaxe do Nadal que poida transmitir o elemento.

Aceptación das Bases

A participación no concurso "Refugallo de Nadal" implica a íntegra **aceptación das presentes bases** e o fallo do Xurado, cuxa interpretación corresponde aos integrantes do mesmo.